

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-B-I-23

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai ler vostede un artigo sobre a conciliación da vida familiar e laboral. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Como concilian as empresas?



O termo «conciliación» aplícase ao eido do traballo e evoca a necesidade ou a vontade de conxugar a vida laboral coa persoal, é dicir, de obter un equilibrio entre o tempo e o esforzo que se lle dedica ao traballo e o que se dispón para a intimidade.

Ata a incorporación efectiva das mulleres ao mundo laboral, a cuestión da conciliación do traballo coa vida persoal non tiña lugar no debate sociopolítico e económico. Nas familias tradicionais compostas por un matrimonio e fillos, era o home quen desempeñaba un labor profesional e o seu salario era a base da economía doméstica. Á muller reservábaselle o papel de ama da casa, dedicada á crianza e á educación dos fillos.

Non existía, polo tanto, a figura da corresponsabilidade no fogar. A responsabilidade do home traballador víase descargada na muller nai.

Décadas máis tarde, parece que os cambios sufridos pola sociedade non rematan de traducirse nunha maior equidade entre elas e eles nas tarefas domésticas. Un estudo do xornal dixital *eldiario.es* poñíao de manifesto. Segundo as súas cifras, nun contexto no que ambos os membros da parella traballan, os homes invisten unhas dúas horas nos labores da casa, mentres que á muller lle corresponden algo máis de catro.

A conciliación familiar ten moito que ver coa educación recibida, pero para conseguila é fundamental que se impliquen as empresas e se promovan políticas de igualdade.

A Unión Europea alerta sobre o impacto que ocasiona a fenda existente entre uns e outras. Os efectos negativos derivados da conciliación van desde os problemas de saúde (estrés, ansiedade, falta de concentración etc.), á falta de motivación ou mesmo á ausencia ao posto de traballo.

Alén diso, pode traer outras consecuencias máis alá do plano persoal, como a caída da fecundidade, o envellecemento da poboación ou a perda de talento nas empresas.

En realidade, o estímulo de prácticas que favorezan a conciliación non só axuda a igualar as condicións laborais de homes e mulleres, senón tamén a mellorar o rendemento das empresas.

As estatísticas indican que a conciliación laboral avanza a dúas velocidades ben distintas: a das multinacionais e a das pequenas e medianas empresas.

Segundo Sage, unha compañía especializada en xestión empresarial, malia que un 80 % das pequenas e medianas empresas están dispostas a implantar estratexias que axuden a europeizar o ritmo de traballo, un 11 % delas desconfía do seu rendemento. O medo á caída das vendas constitúe un dos principais freos á conciliación dentro de sectores como o comercio ou a hostalería.

No outro prato da balanza, atópanse as grandes compañías que apostan por racionalizar horarios e estimular a produtividade. O feito de gozar de horarios flexibles facilita rutinas tan frecuentes como acompañar os fillos ao colexio, atender persoas maiores ou realizar xestións persoais.

A petroleira Repsol, por exemplo, foi pioneira en promover o traballo a distancia ou teletraballo. Pódese elixir entre un 20 % da xornada laboral, dúas tardes á semana e mais o venres, ou ata dous días por semana.

Pola súa banda, Ferrovial decidiu recortar o tempo do xantar a unha hora como máximo para saír antes e fomentar unha cultura laboral orientada á eficiencia.

En Red Eléctrica creáronse as chamadas «bolsas de conciliación», que equivalen a un número de horas que se poden xestionar en función das necesidades persoais e do volume de traballo.

En 2014, Facebook e Apple ocuparon os titulares por unha polémica medida que, en teoría, ía enfocada a mellorar o nivel de satisfacción das súas empregadas. Ademais das bebidas gratis e das comidas elaboradas por cocifeiros de prestixio, as salas de xogos, as bonificacións ou as *happy hours* dos venres, as compañías coincidiron en incluír nos seus paquetes de incentivos para mulleres un plan de conxelación de óvulos.

Esta proposta foi duramente criticada por atacar a liberdade das mulleres e empurralas a tomar decisións que, lonxe de contribuir a mellorar o equilibrio entre a vida persoal e laboral, poñen por diante a súa carreira profesional.



Texto traducido e adaptado da *Revista Cool*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que se entende por conciliación da vida familiar e laboral? ■ Como cambiaron as responsabilidades familiares e laborais de homes e mulleres nas últimas décadas? ■ Que consecuencias pode ter para a saúde unha mala conciliación da vida familiar e laboral? E no que se refire ao rendemento no traballo? ■ Que medidas tomaron algunhas empresas para favorecer a conciliación? 	

3. EXPOSICIÓN

3-4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A. Antes os labores do fogar non se compartían porque esa responsabilidade recaía sobre todo na muller.
- B. Segundo algúns estudos, se ambos os membros da parella traballan, o home inviste unhas dúas horas diarias nos labores da casa e a muller máis de catro.
- C. A conciliación familiar ten moito que ver coa educación recibida, pero para conseguila deben implicarse as empresas e toda a sociedade.
- D. Fomentar medidas que favorezan a conciliación non só axuda a igualar as condicións laborais de homes e mulleres, senón tamén a mellorar o rendemento das empresas.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

Antes os labores do fogar non se compartían porque esa responsabilidade recaía sobre todo na muller

- Pensa que a situación actual variou moito a respecto da de hai décadas? Por que?
- Cre que as mulleres se adaptaron facilmente a traballar e a adquirir outras responsabilidades fóra da casa? Por que?
- Como asumiron este proceso os homes? Cre que agora se implican máis nos traballos domésticos e na súa faceta de pais? Por que?
- Por que algunhas persoas opinan que a conciliación é cousa de mulleres e non tanto de homes?
- Parécelle que a nova repartición de tarefas é doada de entender para persoas de certa idade? Por que?
- Considera que a conciliación da vida familiar se materializa da mesma maneira nas zonas rurais que nas urbanas? Por que?
- Que opina sobre a asignación dun salario para as persoas, homes ou mulleres, que se ocupan das tarefas da casa?

Se procede

- Como se concilia a vida familiar e laboral no seu país de orixe?

OPCIÓN B

Segundo algúns estudos, se ambos os membros da parella traballan, o home inviste unhas dúas horas diarias nos labores da casa e a muller máis de catro

- A realidade que viven as súas persoas máis achegadas, os seus familiares ou amizades confirma este datos? Por que?
- En quen lle parece que recae maioritariamente a crianza dos fillos e fillas? E a das persoas maiores e/ou con discapacidade? Por que?
- Pensa que se deben igualar totalmente os períodos de baixa por maternidade e paternidade? Por que?
- Considera que na sociedade actual aínda perviven prexuízos sobre os homes que realizan os labores do fogar ou que xa están superados? Por que?
- Cre que o estrés que ocasiona intentar compatibilizar a vida laboral e familiar lles afecta igual aos homes que ás mulleres? Por que?
- Como establecería vostede o repartimento de tarefas do fogar? Cales son as que prefire facer? Por que?
- Que opina sobre o papel dos avós e das avoas no coidado e atención dos seus netos e netas? Cre que está suficientemente valorado?

Se procede

- Como se concilia a vida familiar e laboral no seu país de orixe?

OPCIÓN C

A conciliación familiar ten moito que ver coa educación recibida, pero para conseguila deben implicarse as empresas e toda a sociedade

- Pensa que actualmente se educan do mesmo xeito as fillas que os fillos no que se refire á repartición das tarefas do fogar?
- Cre que as familias ou a escola perpetúan as diferenzas de xénero a través dos xogos e xoguetes, das actividades extraescolares e deportivas etc.? Por que?
- Estaría a favor de que no colexio se imparta obrigatoriamente unha materia específica sobre igualdade de xénero? Por que?
- Parécelle que determinados sectores da sociedade aínda son reticentes a rachar cos estereotipos de xénero? Por que?
- Que consecuencias persoais e sociais pode traer a ausencia de políticas de conciliación efectivas?
- Considera que o descenso da natalidade ou o atraso da maternidade se poden relacionar coa falta de medidas de conciliación? Por que?
- Que medidas propoñería vostede para facilitar a conciliación entre a vida familiar e a laboral?

Se procede

- Como se concilia a vida familiar e laboral no seu país de orixe?

OPCIÓN D

Fomentar medidas que favorezan a conciliación non só axuda a igualar as condicións laborais de homes e mulleres, senón tamén a mellorar o rendemento das empresas

- Que medida das que se citan no artigo (flexibilidade horaria, xornada continua, teletraballo...) lle parece máis útil para conciliar a vida familiar e laboral? Por que?
- Cal é a súa opinión sobre o teletraballo ou traballo a distancia? Cre que ten moitas vantaxes? E inconvenientes? Cales?
- Se lle dan a escoller, que prefire, xornada continua ou partida en horario de mañá e tarde? Por que?
- Pensa que a produtividade da persoa traballadora é maior se permanece máis horas na empresa? Por que?
- Que opina sobre o dereito á desconexión dixital, é dicir, a non atender cuestións relacionadas co traballo en períodos de descanso. Cre que é unha boa medida de conciliación? Por que?
- Parécelle que é doado poñer en práctica estas medidas nas empresas pequenas, comercios ou negocios familiares? Por que?
- Considera que noutros países as medidas de conciliación son máis ou menos favorables para os traballadores e traballadoras? Por que?

Se procede

- Como se concilia a vida familiar e laboral no seu país de orixe?